

CONVIVE

UVigo



Diseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Foto: Marina Reich. Unsplash

CONVIVE

UVigo

ConviveUVigo

Estudar ou traballar na universidade require da interacción con persoas, coas que poden xurdir malentendidos, controversias e conflitos. A Unidade de Convivencia e Xestión Positiva de Conflitos (ConviveUVigo) está a dispor de todas as persoas da Universidade de Vigo para axudalas a resolver positivamente controversias e conflitos que representen un atranco para unha convivencia saudable na universidade. E isto facémolo sempre de xeito confidencial, neutral e transparente.

ConviveUVigo ten como misión promover a convivencia e a cultura de paz, contribuíndo a mellorar o benestar da comunidade universitaria e da sociedade.

Para iso facilita e proporciona mecanismos, estratexias e prácticas para a resolución voluntaria e cooperativa de conflitos interpersoais que poidan ter os membros da comunidade universitaria (PDI, PAS ou estudantado) ou calquera órgano ou grupo da universidade, principalmente a través do asesoramento, a comunicación, o diálogo e a mediación.

A mediación é unha ferramenta de xestión de conflitos alternativa ao réxime disciplinario e xudicial; sen substituílos, actúa preventivamente.

ConviveUVigo segue os casos ao longo do proceso e, unha vez rematado, cando sexa necesario, mantén un contacto permanente coas persoas usuarias.

Quen pode solicitar a atención e o acompañamento de ConviveUVigo?

Todos os membros da comunidade universitaria por iniciativa particular, ou calquera órgano ou grupo da universidade (vicerreitorías, centros, departamentos, servizos, equipos de investigación etc.).

Que situacións podemos atender?

- Desacordos e conflitos
- Malentendidos
- Choque de intereses
- Abuso de poder
- Falta de respecto
- Condutas de acoso e de calquera outra que incomode as persoas.

Lembra que cando estas situacións non se afrontan poden afectar o rendemento pero, sobre todo, o benestar psicoemocional das persoas implicadas e de quen traballa ou estuda con elas, e tamén a súa rede persoal e familiar.

Contacto

Para que poidamos axudarte contacta no enderezo electrónico convive@uvigo.gal ou chama ao +34 647 343 370.